

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2020/2	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «NECESIDADE DE ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COS ASUNTOS INCLUIDOS, E IMPOSIBILIDADE DE CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA EN TEMPO E FORMA.»
Data	15 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 13:50 ata as 14:40 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M^a Cruz Leiro Peña.

Non asiste: D^a Carolina Aragunde Laya.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Ratificación da urxencia.-

Pola Sra. Alcadesa participaselle aos concelleiros membros que a urxencia da sesión ven dada pola necesidade de adoptar acordo en relación cos asuntos incluídos na sesión e a imposibilidade material de efectuar a convocatoria dentro dos prazos establecidos, razón pola que interesa a súa ratificación.

Sometido a votación, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordan ratificar a urxencia da sesión e na súa consecuencia proceden a tratar os asuntos relacionados.

2.- Aprobación das actas das sesións celebradas os días 19/12/2019 e 08/01/2020 (Expte. XGL/2019/36 e XGL/2020/1)

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días 19.012.2019 e 08.01.2020. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestarlles a súa aprobación.

3.- Expediente 4212/2017. Solicitude de transmisión do posto nº 11 (Carnicería) da Praza de Abastos.-

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 15/012019, na que se recolle que o Pleno do Concello de Cambados, en sesión ordinaria celebrada o 25 de agosto de 2016 acorda aprobar inicialmente o Regulamento da Praza de Abastos.

Exposto ao público sen que se presentasen alegacións publícase o texto definitivo do Regulamento no BOP nº 5 de 09.01.2017 entrando en vigor aos quince días (o 27.01.2017).

O artigo 7 do Regulamento preveu que, as concesións actuais de postos fixos e de bancadas quedarían renovadas automaticamente por un período máximo de 25 anos, contados a partir da entrada en vigor deste regulamento, agás que no prazo de 30 días naturais optasen por acollerse ao previsto na disposición transitoria única, coas posibilidades de prórrogas previstas nos parágrafos anteriores.

Tendo en conta o anterior as citadas concesións víronse renovadas de forma automática ata o prazo máximo do 27.01.2042.

Constan solicitude de transmisión do titular da concesión que se detalla:

“2º)- * Concesión nº 11 outorgada polo Concello de Cambados en data de 16-05-1983 (Carnicería) con data de entrada no Rexistro Xeral desta corporación local 7 de febreiro do 2017, NRE 641. A favor de *. Motivo: Avanzada idade”

Visto o artigo 9 do Regulamento que establece que: “Os titulares de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderán transferir libremente o seu uso e aproveitamento polo período que reste da concesión, logo da autorización do Concello e do pagamento das taxas procedentes, sempre que o/a cedente acredite ter explotado o posto de venda, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión, e que o/a adquirente reúna as condicións esixidas neste Regulamento para contratar co Concello. A persoa transferinte presentará as razóns que a inducen á transferencia, que serán consideradas pola Xunta de Goberno Local, que decidirá. Na cesión por actos inter-vivos dun posto fixo ou bancada, terá preferencia sobre o mesmo o concesionario lindante co mesmo, sempre que cumpra con tódolos requisitos esixidos nesta ordenanza.”

Visto que consta a renuncia á preferencia ao tanteo na transmisión emitida polos concesionarios colindantes coas seguintes datas:

(2º)- *, (traslado a * e * en data de 11-09-2018).

Visto que consta declaración dos adquirentes de non estar incursos en prohibición para contratar coa Administración Pública.

2º) * en data de 13-09-2019.

Tendo en conta que as concesións obxecto de transmisión veñen sendo explotadas

con continuidade e non consta a súa declaración de caducidade ou extinción por parte da Administración, coa tramitación de expediente outorgando previa audiencia ao interesado/a.

Visto que os cedentes acreditan ter explotado o posto de venda, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión outorgada (5 anos).

En uso das competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local polo artigo 9 do Regulamento da praza de abastos do Concello de Cambados (BOP nº 5 de 09.01.2017) propónse a adopción do seguinte, **ACORDO**:

1. Autorizar a transmisión da concesión de posto da Praza de Abastos do Concello de Cambados que se detalla:

2º)- * con DNI nº * (Concesión nº 11 carnicería outorgada polo Concello de Cambados en data de 16-05-1983). A favor de *, con DNI nº *.

Condicións:

a) Os citados postos son inalienables, inembargables e imprescriptibles.

b) O prazo das concesións remata o 27.01.2042 (artigo 7 do Regulamento da Praza de Abastos BOP nº 5 de 09.01.2017), con carácter improrrogable, momento en que os postos reverterán automaticamente ao Concello para proceder á súa licitación pública, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha por parte dos/as adxudicatarios/as, quen, en todo caso, poderán retirar o mobiliario e a maquinaria que tivesen instalada, coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso, coas salvidades expresadas no parágrafo seguinte.

c) O cambio do emprazamento da praza de abastos, sempre que dese lugar á interrupción do servizo, motivará a suspensión do período da concesión coa interrupción das obrigas de exercer a actividade e de pagar as taxas correspondentes, sen dereito a indemnización ningunha.

d) Queda totalmente prohibida a subcontratación ou o alugamento dos postos das bancadas.

e) Todas as establecidas no Regulamento da Praza de Abastos (BOP nº 5 de 09.01.2017) e na lexislación de patrimonio das Administracións Públicas.

4.- Expediente 5843/2019. Licenza Urbanística.- Demolición antigas vivendas e urbanización de parcela para patio escolar en Avda. de Vilariño, 29 (Promotor: Xunta de Galicia - Consellería de Educación, U. e F.P.)

1. PETICIONARIO: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
2. OBXECTO DA OBRA: Demolición antigas vivendas de mestres e urbanización da parcela para patio escolar
3. LUGAR DAS OBRAS: CEP Antonio Magariños Pastoriza
4. EXPEDIENTE: 5843/2019
5. DATA DA SOLICITUDE: 13.11.2019

Consta proxecto redactado polo Arquitecto Francisco Galiñanes Chaves supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Directora de obra: María Labrador García, Arquitecta da Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Directora da execución material da obra: Arquitecta técnica María Isabel Trelles Padín, da Unidade Técnica.

Coordinadora de seguridade e saúde: Arquitecta técnica Mirian Abal Abal

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 23.12.2019, favorable.

Informe de Secretaría, favorable, de 14.01.2019.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a “Demolición antigas vivendas e urbanización de parcela para patio escolar en Avda. de Vilariño, 29” de acordo co proxecto básico e de execución para a “Demolición antigas vivendas e urbanización de parcela para patio escolar” redactado polo Arquitecto Francisco Galiñanes Chaves.

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza Solo urbano. Equipamento DEM (Docente Ensinanzas Medias)
- b) Referencia Catastral: 5673301NH1057S
- c) Uso: Docente

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

1. As obras axustaranse ao proxecto presentado, debendo respectar en todo momento as aliñacións de 8,00 m. establecidas nas NN.SS.MM.
2. Deberán presentar previamente ao inicio das obras de reconstrución do muro de peche, un plano das aliñacións realmente existentes no ámbito do proxecto para a súa conformidade por parte dos servizos técnicos municipais, en onde se respecten as aliñacións establecidas polas NN.SS.MM.
3. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do ARQUITECTO designado
4. O Director de Execución de Obra será levada a cabo polo ARQUITECTO TÉCNICO designado
5. A Coordinación de Seguridade e Saúde será levado a cabo polo ARQUITECTO / ARQUITECTO TÉCNICO designado.
6. Deberá dispoñer a pe de obra o cartel indicador da Licencia Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licencia, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
7. A promotora faise cargo das responsabilidades a que dera lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos ás persoas e as cousas.
8. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, si é necesaria para as obras

- solicitadas.
9. Deberá dispoñer en obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
 10. As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
 11. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo cal se aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:
 - a) Iniciación, dentro do 1 mes seguinte ao outorgamento da licenza
 - b) Interrupción máxima de 1 mes, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
 - c) Finalización dentro do prazo de 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
 12. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
 13. Antes do inicio das obras deberá colocar un valado de protección, para o cal, no seu caso deberá obter a oportuna autorización municipal.
 14. En todo caso a edificación/recinto non poderá ser ocupado ata que as obras esteen terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.
 15. No caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.
 16. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo cal se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo cal se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Se xustificará o cumprimento na finalización da obra.

5.- Expediente 3656/2019. Licenza Urbanística.- Parcelación en Bouza - Castrelo (Promotora: *)

1. PETICIONARIA: *
2. LUGAR: Bouza (Castrelo)
3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 3656/2019
4. DATA DA SOLICITUDE: 23.07.2019
5. OBXECTO DA OBRA: Parcelación

Consta proxecto redactado polo Arquitecto Amador Rey Camiño

Consta informe do Arquitecto Municipal, favorable, de 18.12.2019

Consta informe de Secretaría, favorable, de 14.01.2019

De acordo co informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de parcelación a * en A Bouza-Castrelo (Cambados) de acordo co proxecto de segregación e posterior agrupación de parcelas redactado polo Arquitecto Amador Rey Camiño.

Outros datos do expediente:

Clasificación urbanística do solo:

- Ordenanza reguladora de Solo Urbano, Ordenanza 6. De entidades rurais de poboación
- Ordenanza reguladora das zonas de Solo Non Urbanizable. Ordenanza 8_Área de Tolerancia. De réxime normal de solo non urbanizable.

Parcela de Oríxe (Matriz A) 6235604NH1063S0001MK

Propietaria Parcela A: *

Oeste: Carretera PO-550

Este: * e *

Sur: Camino de Servicio e *

Norte: * e *.

Superficie: 1.365,00 m² (Solo Núcleo Rural)

Parcela de Oríxe (Matriz B) 6235603NH1063N0001FP

Propietaria Parcela B: *

Oeste: Carretera PO-550

Este: *

Sur: * e *

Norte: Herederos de * e *

Superficie: 1.636,85 m² (Solo Núcleo Rural 1.596,85 m² e Área de Tolerancia 40,00 m²)

Parcela de Oríxe (Matriz C) 36006A031007290000OD

Propietaria Parcela C: *

Oeste: * e *

Este: * e *

Sur: * e *

Norte: *

Superficie: 1.892,00 m² (Solo Núcleo Rural 120,24 m²; Área de Tolerancia 1.366,76,00 m² e Solo Rústico 495,00 m²)

Parcelas resultantes:

Parcela Resultante 1 (Parcela A):

Propietaria Parcela A: *

Oeste: Carretera PO-550

Este: *

Sur: Camino de Servicio e *

Norte: *

Uso: Vivenda

Superficie: 1.036,15 m² (Solo Núcleo Rural)

Edificacións existentes:

- Construcción principal conta cunha edificación destinada a vivenda de uns 138,00 m². Segundo datos catastrais, a edificación principal presenta unha antigüidade de 37 anos, a súa data de construción é do ano 1982.

- Construcións auxiliares: Consta un almacén de 200 m², que tamén aparecen nas NN.SS.MM. Segundo fotografía aérea do PNOA de data de voo 2.010, polo que estas construcións presentan unha antigüidade superior a 6 anos.

Edificacións segundo Expediente: Na actualidade conta cunhas edificacións que suman unha superficie construtiva de 338,00 m²
Ocupación 50% (28,18%)
Edificabilidade Max. 0,60 m²/m² (0,33 m²/m²)

Parcela Resultante 2 (Parcela B):

Propietaria Parcela B: *

Oeste: Carretera PO-550

Este: *

Sur: * e *

Norte: Herdeiros de * e *

Uso: Vivenda

Superficie: 1.595,55 m² (Solo Núcleo Rural 1.555,55 m² e Área de Tolerancia 40,00 m²)

Edificaciones existentes:

- Construcción principal Conta cunha edificación destinada a vivenda duns 270 m². Segundo datos catastrais, a edificación principal presenta unha antigüidade de 44 anos, a súa data de construción é do ano 1975.

Edificacións segundo Expediente: Na actualidade conta cunhas edificacións que suman unha superficie construtiva de 270,00 m²
Ocupación 50% (9,01%)
Edificabilidade Max. 0,60 m²/m² (0,1735 m²/m²)

Parcela Resultante 3 (Parcela C):

Propietaria Parcela C: *

Oeste: Carretera PO-550 e *

Este: * e *

Sur: *, * e *

Norte: *, * e *

Uso: Vivenda

Superficie: 2.263,15 m² (Solo Núcleo Rural 401,37 m²; Área de Tolerancia 1.366,78 m² e Solo Rústico 495,00 m²)

Edificacións existentes: Existe unha construción de 72,00 m² adosada ao lindeiro SUR que incumpre os retranqueos.

Esta edificación consta nas fotos aéreas do voo do 2.008, polo que prescribiu calquera actuación de reposición da legalidade urbanística, quedando a edificación é situación de "Fora de Ordenación Xenérica conforme ás NN.SS.MM. de planeamento"

Encontrase en situación de fora de ordenación xenérica, conforme ás NN.SS.MM. e deberá facer constar no rexistro da propiedade a situación de fora de ordenación desta edificación, coas limitacións do réxime de aplicación das NN.SS.MM.

Condición de Indivisibilidade: Esta parcela non será divisible pola liña que separa as ordenanzas 6 e 8 en área de Tolerancia

Tipoloxía Edificadora: Vivienda Familiar (Unifamiliar Illada). Non poderán executarse dúas ou máis vivendas nesta finca rexistral.

Ocupación: Segundo Ordenanza de cada clase de solo

Edificabilidade Max.: Segundo Ordenanza de cada clase de solo

Condicións:

A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais

En relación ás edificacións en situación de “fóra de ordenación”, deberasae proceder como se indica no artigo 90.1 e 90.2 da Lei 2/2.016 do Solo de Galicia, segundo aa afección correspondente.

O documento de arrimo, permitirá o adose ás edificacións existentes actualmente e coa finalidade de tapar as medianeiras. En caso de querer ampliar a lonxitude de arrimo ao colindante, deberase xustificar urbanisticamente que ambas parcelas contan con edificabilidade suficiente para poder executar obras que impidan que se xeneren novas medianeiras.

6.- Expediente 4945/2019. Comunicación previa.- Pozo en Quintáns - Vilariño (Promotor: *)

Rfª Catastral: 36006A01700454000OW

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 11/12/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

7.- Expediente 1428/2019. Comunicación previa.- Cambio carpintería exterior - Rúa Alfonso R. Castelao, 8 - 3ºC (Promotor: *)

Rfª Catastral: 5469701NH1056N0011AK.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/09/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

Expediente 3546/2019. Comunicación previa.- Pintado de fachadas en Cruceiro, 46 - Vilariño (Promotor: *)

Rfª Catastral: 6274815NH1067S0001IJ

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/09/2019 no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

8.- Expediente 4123/2019. Comunicación previa.- Encintado de fachada - Camiño da Grenla, 5 (Promotor: *)

Rfª Catastral: 5565340NH1056S0001LL.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/09/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

9.- Expediente 1716/2018. Resolución xudicial.- Proc. Ordinario 0000115/2018.- Sentenza nº 293/2019

Visto o contido do fallo da sentenza ditada en data 27 de decembro do 2.019, polo

Xulgado do Contencioso Administrativo Número Dous de Pontevedra, autos de Procedemento Ordinario Número 293/2.019, tramitado a instancias da mercantil "CAMBADOS OIL, S.L.", en calidade de demandante, representada polo Procurador dos Tribunais, don Antonio Fernández García, e asistida polo Letrado, don Francisco Javier García Martínez; contra o Concello de Cambados, en calidade de demandado, representado pola Procuradora dos Tribunais, dona Ana María Fátima Martínez Rial, e asistida do Letrado municipal, don Rafael Riveiro Álvarez; e, contra "PUNTOS BAJO COSTE, S.L.", en calidade de codemandado, representado polo Procurador dos Tribunais, don José Ignacio Freire Rodríguez, e asistido polo Letrado, don Oscar Pisón Dasilva, que se pasa a transcribir de xeito literal:

"Que, estimando el recurso contencioso administrativo presentado por el Procurador D. Antonio Fernández García, en representación de la entidad Cambadosoil SL, contra la desestimación por silencio administrativo del recurso de reposición interpuesto contra el acuerdo del Concello de Cambados de 22 de septiembre de 2017, en el que se concedía a la entidad Puntos Bajo Coste SL licencia municipal de instalación para suministro de combustible líquido en la Rúa Agrolongo, declaro que la actividad administrativa impugnada no es conforme a Derecho, debiendo ser anulado el acuerdo de concesión de licencia impugnado, por concurrir causa de nulidad del expediente tramitado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda tomar razón do mencionado contido da resolución, a cuxo efecto se dará traslado do presente acordo ao negociado de asesoría xurídica e urbanismo, aos efectos oportunos.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE